

DEPARTAMENTO SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BOIRO

Convocatoria de axudas económicas para a atención de nenos/as de 0 a 3 anos en escolas infantís non sostidas con fondos públicos mediante o programa de cheque infantil.

Para poder ser beneficiario/a destas axudas os/as persoas solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter un neno/a a cargo nada con posterioridade a 31 de decembro de 2007.
- Non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas.
- Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non supere 1.000,00 €.
- Ter cumpridos a/o neno/a a cargo 3 meses na data de ingreso.
- Ter presentada a solicitude de praza e quedar na lista de agarda para o ingreso nunha escola infantil 0-3 sostida con fondos públicos.
- Que existan prazas correspondentes ao grupo de idade do/a neno/a nos centros partícipes do programa no Concello de residencia da persoa beneficiaria, noutro que sexa limítrofe ou ben no Concello onde traballen os pais ou titores legais.

Documentación a presentar:

- Fotocopia DNI
- Fotocopia cotexada do libro de familia
- Xustificantes de ingresos económicos
- Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables.

O prazo de presentación de solicitudes remata o vindeiro día 15 de xullo de 2010.

Todas aquelas persoas interesadas en obter máis información poderán informarse ou presentar a súa solicitude no departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro, en horario de 8.30 a 1.30h, de martes a venres.